



nde pode publicar o seu vindeiro libro un poeta xa coñecido, que renuncia a presentarse a premios e tirar do fío das subvencións institucionais –Xunta, deputación, concello...–, que vén publicando regularmente cada dous anos, que xa esgotou o ‘crédito’ coa colección que habitualmente lle presta apoio e que renuncia a autoeditarse? A cousa non é doada.

Para os poetas que comezan é máis doado. Se gañan un premio, mel nas filloas. Premiar significa publicar –ben, non sempre– e a aura do premio permite destacar un libro no minguaño andel reservado para a poesía. Logo están aqueles que sorprenden e atraen polo risco de propor liñas novas que poden callar no futuro en grandes poetas. Nin todos os poetas noveis publican os seus libros, nin todos os poetas noveis son realmente poetas –e no futuro, serano ou non– pero, en calquera caso, a sensación de frescura apóia-se e o risco resulta hixiénico. Como mostra, un botón: xa lle perdín a conta ós libros publicados pola colección Letras de Cal que na súa última entrega ofrece os primeiros volumes en solitario de Verónica Martínez Delgado e Suso Bahamonde, que me resultan un punto inxenuos. O de Verónica Martínez *Desterrada no meu corpo* está demasiado centrado na primeira persoa e no amor predicible; poida que deba sacudirse o sentimentalismo de enriba, pero non me fagan caso, debe ser cousa da idade (da miña). Sen embargo, os poemas-manifesto de Suso Bahamonde o membro do Bata-

llón (do Batallón Literario Costa da Morte, por suposto), *Oxido nas flores da tarde* han gustar ós que prefiren a arquitectura poética narrativa, con poemas que contan historias e que constitúen un relato lírico. En calquera caso a colección cumpre as expectativas creadas: arriscar polos novos autores. E tamén o fan outras coleccións máis asentadas (indetectiblemente Espiral Maior e Ablativo Absoluto).

Agora ben, ¿que pode facer esoutro poeta, non novel, que xa esgotou os recursos habituais? Ocorrénseme tres posibilidades: meterse de cheo na compilación, mergullarse no silencio ou ir petar a outras portas. Todas parecen solucións axeitadas e posibles, se é que o autor así o considera. A compilación soe ser mal vista polos lectores habituais, polos críticos e polos compañeiros do gremio, mesmo cando inclúen algúns poemas novos; hai unha certa sensación de estafa entre aqueles que compraron puntalmente os libros, pero tamén alegría asegurada para quen levaba anos á procura de tal ou tal título, esgotadísimo. En calquera caso a compilación soe ser o paso previo/seguinte a un período de silencio. Silencio e contención na publicación de libros non son garantía dunha mellor obra literaria, pero axudan a rexer os recursos editoriais dispoñibles e crea expectación se o autor é especialmente estimado. Finalmente queda o recurso de ir bater na porta de coleccións nas que ata o momento non se entrara. Isto non sempre resulta doado. O mundo dos autores e dos axentes poéticos cabe no territorio vital dunha abella obreira. Por veces hai fobias irremediabes, por veces o poeta non quere sentirse xulgado nin valorado: a súa obra e o seu nome debían ser garantía abonda... pero claro, non sempre é así.

As tres posibilidades teñen pros e contras pero non son malas de seu. Sen embargo, aínda queda outra opción: a que practica Rafa Villar, quen, sen renunciar ó soporte en papel, probou sorte coa páxina web, renovándoa semanalmente con artigos de actualidade; chámase *Mares de Simbad* (www.terravista.pt/Enseada/2991/). Esta é unha forma actualizada de autoedición que permite posibilidades infinitas aínda que ten algúns defectiños: non xera dereitos de autor –ós poetas pouco lles preocupa–, non se vai ter en conta en ningún premio de certa categoría –e digo eu, ¿por que non?–, periga a cuestión do copyright e prècisase dun adestramento coa linguaxe informática. Claro que tamén se pode retornar á oralidade e a performance, que axuda a compensar os silencios en papel e cobren con éxito o desexo de abrílle portas á comunicación poética: ¿non si, Antón Lopo?

hELENA gONZÁLEZ

Espacios para arriscar polos novos autores